

**PROGRAMA ESPECIAL PARA PERSOAL ENFERMEIRO POLA REALIZACIÓN
EXTRAORDINARIA DE XORNADA COMPLEMENTARIA DURANTE O NADAL, COMO
CONSECUENCIA DA ACTUAL GRAVE AFECTACIÓN EPIDEMIOLÓXICA, EN UNIDADES DE
HOSPITALIZACIÓN E DETERMINADAS ÁREAS ESPECIAIS.**

O artigo 43.2.c) da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, contén a regulación do complemento de produtividade correspondente ao persoal das institucións sanitarias.

Dito concepto retributivo está previsto para a participación en programas ou actuacións concretas, e correspóndelle aos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde a definición dos plans e programas especiais susceptibles de producir o devengo do citado complemento, conforme ás necesidades asistenciais e organizativas existentes no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O incremento da actividade derivada da actual grave afectación epidemiolóxica, en concorrencia coa falta de persoal dispoñible nas listas de selección temporal da categoría de enfermeira/o, dificultará este Nadal dun modo especial a cobertura de ausencias e os reforzos necesarios; polo que, mesmo despois de reordenar efectivos, pode resultar preciso solicitar ás/aos profesionais a realización voluntaria e extraordinaria de xornadas complementarias por riba das previstas no seu calendario laboral e xornada, nas unidades que neste intre teñen alta demanda asistencial (hospitalización e áreas especiais como UCI/REA, quirófano e urxencias).

Para retribuír a participación deste persoal, este centro directivo, de conformidade co que establece o artigo 7. d) da Orde do 22 de abril de 2020, de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do

Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, aproba un Programa Especial nos termos que se indican a seguir:

1. Unha vez que a dirección de recursos humanos de cada área sanitaria acredite a falta de persoal dispoñible nas listas de selección temporal da categoría de enfermeira/o, e non resulte posible ou suficiente a reordenación de efectivos, poderá solicitarse ás/aos enfermeiras/os a realización voluntaria e extraordinaria de xornadas complementarias, por riba das previstas no seu calendario laboral e xornada, nas áreas de hospitalización, UCI/REA, quirófano e urxencias. As xornadas complementarias que se realicen non poderán implicar a superación da xornada ordinaria e complementaria por riba das 190 horas mensuais.

Esta realización de xornada complementaria será acordada en cada área á vista da situación hospitalaria e deberá contar co acordo e autorización expresa da xerencia ou órgano directivo no que delegue, unha vez constatada a falta de persoal de enfermería dispoñible.

2. O persoal enfermeiro que realice xornada complementaria, nos termos establecidos no número 1 anterior, percibirá as seguintes retribucións:

Quenda mañá-tarde (7 horas)		Quenda noite (10 horas)	
laborable	Festivo *	Laborable *	noite sábado e prefestiva *
136,22	206,01	236,50	264,30

* festivo, noite e prefestivo inclúen o valor módulo correspondente

As contías que se abonen con cargo ao presente programa especial imputaranse ao subconcepto 153.04 "Complemento de Produtividade Factor Variable, Programas



Especiais", conforme ás dotacións orzamentarias existentes na devandita epígrafe no presuposto de gastos do centro de xestión afectado e aboaranse no concepto de nómina "Xornada complementaria Nadal 2021".

Semanalmente deberán informar a este centro directivo do persoal requerido e os días abonados, coa súa motivación.

Estas contías son excepcionais, derivadas da situación actual da pandemia e con vixencia desde o 23 de decembro ata o 31 de xaneiro próximo.

Santiago de Compostela, na data que figura ao marxe

A directora xeral de Recursos Humanos

[sinatura dixital á marxe]

Ana María Comesaña Álvarez



XERENCIAS DAS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE